



XUNTA  
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



ESCOLA  
GALEGA  
DO DEPORTE



FORMACIÓNS DO PERÍODO TRANSITORIO

## CURSO DE ADESTRADOR/A DEPORTIVO/A

### BLOQUE COMÚN Nivel I

Setembro - Outubro de 2023

IIIª Ed. en liña

## GUÍA DO ALUMNADO

### ORGANIZA

Escola Galega do Deporte

Secretaría Xeral para o Deporte

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

### COLABORA

Unión de Federacións Deportivas Galegas (UFEDEGA)

## PRESENTACIÓN

A Escola Galega do Deporte é un órgano pertencente á Secretaría Xeral para o Deporte que ten, entre outras funcións, a de promover e autorizar as ensinanzas deportivas no período transitorio que desenvolven as federacións deportivas galegas, conducentes á obtención do diploma de adestrador deportivo de Nivel I, II ou III dunha modalidade ou especialidade deportiva.

Así mesmo, a Escola Galega do Deporte, é un centro público autorizado pola Consellería de Educación para impartir o bloque común destas formacións deportivas do período transitorio.

A terceira edición do bloque común de nivel I en liña destas ensinanzas desenvolverase nos meses setembro e outubro de 2023.

## MÓDULOS DE CONTIDOS

O curso está deseñado para que en 6 semanas o alumnado, coa axuda dun profesor/a-titor/a e utilizando a nosa plataforma virtual, acade os coñecementos teórico-prácticos sobre os seguintes catro Módulos de contidos e as súas Unidades Didácticas:

### MED-C101. BASES DO COMPORTAMENTO DEPORTIVO (20 horas)

- UD1: A iniciación deportiva e o desenvolvemento infantil.
- UD2: A motivación e a comunicación.
- UD3: Os grupos, os seus conflitos e dinámicas de traballo.
- UD4: A transmisión de valores a través do deporte.

### MED-C102. PRIMEIROS AUXILIOS (30 horas)

- UD1: Valoración inicial de accidentados segundo protocolos establecidos relacionándoos cos principios de anatomía e fisioloxía.
- UD2: Aplicar técnicas de primeiros auxilios relacionando o tipo de lesión cos protocolos establecidos.
- UD3: Aplicar técnicas de soporte vital.
- UD4: Técnicas de autocontrol e apoio psicolóxico.
- UD5: Técnicas para o control da contorna.

### MED-C103. ACTIVIDADE FÍSICA ADAPTADA E DISCAPACIDADE (5 horas)

- UD1: Introducción conceptual ás actividades físicas para persoas con discapacidade.
- UD2: Tipos de discapacidades.
- UD3: Pautas a seguir para a proposta de actividades.

### MED-C104. ORGANIZACIÓN DEPORTIVA (5 horas)

- UD1: A organización deportiva en Galicia.

## ■ MATRÍCULA

Para matricularse no curso o alumnado deberá achegar a seguinte documentación a través da súa federación (a federación ten como data límite o 18.08.2023 para achegar esta documentación á Escola Galega do Deporte):

- Solicitud de inscripción (no modelo recollido ao final desta guía).
- Fotocopia do DNI.
- Titulación mínima de acceso: ESO ou equivalente (copia compulsada do título ou certificado orixinal ou compulsado acreditativo deses estudos).
- Orixinal da superación da proba de carácter específico (ou acreditar méritos deportivos ou estar recoñecido/a coma deportista de alto nivel ou alto rendemento).
- Xustificante orixinal ou copia compulsada do pago da taxa sumando as cantidades segundo corresponda de:
  - o Apertura do expediente: 22 €
  - o Servizos xerais: 13 €
  - o Matrícula do bloque común (1ª matrícula): 45 €
  - o No caso de querer validar algún módulo, taxa de validación: 2 € por módulo

O pago da matrícula pode facerse online a través da páxina da OV Tributaria - ATRIGA <https://ovt.atriga.gal/> ou seguindo o modelo adxunto de pago de taxas cos códigos seguintes:

- Código da Consellería: 07 - Cultura, Educación, FP e Universidades
- Código da Delegación: 40 - Pontevedra
- Código do Servizo: 03 - Ensino Medio
- Código da Taxa: 353000 - Ensinanzas Deportivas

**Solicitudes de validación ao “Consejo Superior de Deportes (CSD)”**: O alumnado que poida validar algunha materia ou o bloque común enteiro debe achegar a certificación da súa validación emitida polo CSD (Licenciados/Graduados en CCAFD, TAFAD e outras titulacións validables).

Esta certificación emitida polo CSD pode solicitarse a través da ligazón seguinte: <https://sede.csd.gob.es/oficinavirtual/FichaTramite.aspx?idProcedimiento=104&botonSeleccionado=2>

## ■ METODOLOXÍA

A metodoloxía de ensinanza será en liña, salvo a formación de 10 horas de Primeiros Auxilios que será presencial un sábado (pendente)

O alumnado terá unha chave de acceso para acceder a aula virtual do curso: <http://www.edu.xunta.gal/centros/escolagalegadedeporte/aulavirtual2/>

A formación estará impartida e titorizada por tres profesores autorizados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Faranse grupos de entre 25 e 30 alumnos/as para o desenvolvemento da docencia tanto teórica como práctica.

## ■ SESIÓNS FORMATIVAS EN LIÑA

O alumno terá que seguir os contidos de forma semanal tal como se especifica no cronograma. Haberá unha guía de cada un dos módulos que estará a disposición do alumnado e seguirá a temporalización do cronograma. Os profesores estarán a disposición do alumnado unha hora ao día para atender as dúbidas e consultas.

## SESIÓNS PRÁCTICAS PRESENCIAIS

As sesións presenciais desenvolveranse no Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra (CGTD): Rúa Pai Fernando Olmedo, 1. 36002 Pontevedra.

Cada alumno/a deberá asistir obrigatoriamente ás 10 horas presenciais prácticas de Primeiros Auxilios un sábado (a determinar) en horario de mañá e tarde (09:00 a 14:00 h e 16:00 a 21:00 h).

## CRONOGRAMA DO BLOQUE COMÚN

Módulos	Semana 1 18-24 set.	Semana 2 25 set-1 out.	Semana 3 2-8 out.	Semana 4 9-15 out.	Semana 5 16-22 out.	Semana 6 23-29 out.
Bases do comportamento deportivo	20 horas (15 h. en liña e 5 h. de traballo teórico-práctico en liña)					
Primeiros auxilios			20 horas en liña			
	10 horas presenciais (data en función do grupo)					
Actividade física adaptada e discapacidade					5 h. en liña	
Organización deportiva						5 h. en liña
Exame ordinario: 11 novembro → Exame extraordinario: 16 decembro →						

## AVALIACIÓN

Para superar o Bloque Común haberá que asistir ás 10 horas presenciais do módulo de Primeiros Auxilios, resultar apto no traballo teórico-práctico do módulo de Bases do Comportamento Deportivo e superar un exame escrito presencial sobre os contidos dos catro módulos, cunha duración de 2 horas, e que se realizará no CGTD de Pontevedra:

- **Convocatoria ordinaria:** sábado 11 de novembro de 2023 (hora por determinar).
- **Convocatoria extraordinaria:** sábado 16 de decembro de 2023 (hora por determinar).

## PROFESORADO

Profesorado autorizado pola Consellería Cultura, Educación e Universidade de Galicia para impartir o Bloque Común de Nivel I:

- Enrique Meijide Lumbreras. Mestre en Educación Física e Licenciado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Universidade de Vigo.
- J. Benito Pastoriza Agulla. Licenciado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Universidade de Vigo.
- Manuela Vázquez Couto. Mestra en Educación Física e Licenciado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Universidade de Vigo.

## MÁIS INFORMACIÓN

Enderezo electrónico: [escolagalegadodeporte@xunta.gal](mailto:escolagalegadodeporte@xunta.gal)

Telf: 881996367 (Mónica Carballo) – 881996362 (Belia Méndez) – 881996365 (Jorge Veiga)

## SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN BLOQUE COMÚN NIVEL I Setembro-Outubro de 2023 - IIIª Ed. On-line

### DATOS PERSOAIS

Nome	
Apelidos	
Nº DNI	
Data de nacemento	
Lugar de nacemento (concello, provincia)	
Domicilio actual (rúa, CP, concello....)	
Teléfono	
E-mail	
Estudos xerais rematados	
Federación	
Modalidade/ Especialidade	

### SOLICITA

<input type="checkbox"/>	Inscripción completa no bloque común
<input type="checkbox"/>	Validación completa do bloque común (achego resolución/certificado do CSD de validación de módulos)
<input type="checkbox"/>	Inscripción só nos seguintes módulos (achego resolución/certificado do CSD de validación dos outros módulos)
<input type="checkbox"/>	Bases do comportamento dep.
<input type="checkbox"/>	Primeiros auxilios
<input type="checkbox"/>	A.F. adaptada
<input type="checkbox"/>	Organización dep.

### DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA

<input type="checkbox"/>	Fotocopia do DNI
<input type="checkbox"/>	Fotocopia compulsada título ESO ou superior ou certificación académica orixinal ou compulsada de rematar estes estudos ou estar cursando estudos superiores
<input type="checkbox"/>	Certificado orixinal/compulsa da superación da proba de acceso específica ou equivalente
<input type="checkbox"/>	Orixinal/compulsa do pago de taxas
<input type="checkbox"/>	Resolución orixinal/compulsa do CSD de validación de módulos

<p><b>Lugar e data</b></p>	<p><b>Sinatura</b></p>
----------------------------	------------------------